

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Aberto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53

29 AGO. 2014

SECCION DE CONTRATACION

CONCELLO DE  
SANTIAGO

15078DCONYI0T6T



## PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E COLABORACIÓN NA INSPECCIÓN FISCAL DOS TRIBUTOS DO CONCELLO DE SANTIAGO

### DISPOSICIÓN XERAIS

#### 1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato será a realización de **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago** (agás os excluídos nos parágrafos seguintes) así como nos procedementos sancionadores que se poidan derivar das actuacións de comprobación e/ou inspección fiscal.

Non se inclúe no obxecto deste contrato o Imposto sobre Bens Inmóveis, nin os tributos que se devenguen polas obras realizadas no complexo do Gaia denominado "Cidade da Cultura".

A execución do obxecto do contrato deberá adecuarse ás prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

O devandito obxecto corresponde ao código 79221000 da nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea.

Os actos que supoñan exercicio de autoridade corresponderán, en todo caso, ao persoal que ostente a condición de funcionario público.

#### 2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.


2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxección á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

#### 3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de **servizos** de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP), quedando sometida a dita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<b>Servizo - Aberto</b>		
Documento CONYI0T6	Expediente CON/46/2014	Data creación 16-07-14 12:53



Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

**3.2.-** As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

#### **4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR**

**4.1.** Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 84 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.


As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

**4.2.** Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, ben a través da acreditación dunha **clasificación** adecuada ao obxecto do contrato, ben a través, no caso da **solvencia económica e financeira**, por calquera dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, de acordo cos requisitos que se reseñan a continuación:

. Para o caso de empresas e persoas físicas non profesionais: informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato actual, sinale que é solvente economicamente para afrontalo. Para o caso de profesionais: seguro de indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente á deste contrato. A vixencia do seguro deberá manterse durante, polo menos, toda a duración do contrato e, así mesmo, durante o prazo de garantía.

. Presentación das contas dos tres últimos exercicios e presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. No caso de licitadores non obrigados a presentar as contas nos rexistros oficiais deberán achegar os libros de contabilidade debidamente legalizados. As empresas con implantación inferior a un ano deberán presentar os libros de contabilidade. A



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Dependencia  
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios  
64.- SPELO

**Servizo - Abierto**

Documento


CONYI0T6

Expediente

CON/46/2014

Data creación

16-07-14 12:53



solvencia quedará acreditada sempre e cando o seu patrimonio neto represente cando menos un 25% do importe do contrato. Precisarase o informe de auditoría cando sexa preceptivo conforme á normativa vixente.

. Declaración sobre o volume global de negocios, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros, referido ós tres últimos exercicios. Entenderase acreditada a solvencia económica se a declaración de menor importe nos 3 últimos anos é superior ó dobre do prezo do contrato, ou, de tratarse de plurianuais, da anualidade máxima do mesmo.

Polo que respecta á solvencia técnica, e considerando o disposto no artigo 78 do TRLCSP, establécense os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os licitadores:

1.- que o licitador teña facturado polo servizo de asesoramento e colaboración na comprobación e inspección de tributos locais un importe mínimo de 1.500.000€ no conxunto dos anos 2011, 2012 e 2013 e un importe mínimo de 375.000€ en cada un deles. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos pola entidade local onde conste expresamente:

- o obxecto do contrato
- as datas de execución do contrato
- o importe facturado cada ano do contrato
- o grao de satisfacción no seu cumprimento

2.- que o licitador teña realizado o servizo de asesoramento e colaboración na comprobación e inspección de tributos locais en tres municipios de mais de 50.000 habitantes durante os anos 2011, 2012 e 2013. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polas entidades locais onde conste expresamente:

- o obxecto do contrato
- as datas de execución do contrato

Non será preciso presentar xustificación específica do apartado dous se está implícito nos certificados presentados no apartado un

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 84.1 da TRLCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

**4.3.** Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

**4.4.** Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

4.5. Polo tanto, o documento ou documentos que acrediten a capacidade de obrar e personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, presentaranse no seu momento, na forma seguinte:

**4.5.1.1.- Documento Nacional de Identidade**, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

**4.5.1.2.-** Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastantado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamiento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

**4.5.1.3.-** Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

**4.5.2.-** Certificado da clasificación de ser requirida segundo o disposto na cláusula 5 do presente prego, expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa ou no seu caso, polo Organismo comunitario correspondente (art. 84 TRLCSP). Se a empresa se atopase pendente de

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



clasificación, deberá aportarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo non obstante xustificar posteriormente obter a clasificación esixida no prazo de subsanación de defectos ou omisións na documentación a que se refire a cláusula 15 do presente prego.

O certificado de clasificación deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos de clasificación non tiveron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Non obstante o establecido no apartado anterior, para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea, será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica, financeira e técnica, conforme aos requisitos establecidos na cláusula 4.2. do presente prego.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar que todas as empresas que integran a unión obtiveron clasificación como empresa contratista de servizo. En tal caso, acumularanse as clasificacións individuais dos membros da UTE., a efectos de poder acreditar a clasificación global esixida no presente prego.

Se concorren unións de empresarios nacionais, estranxeiros non comunitarios ou estranxeiros comunitarios, os dous primeiros deberán acreditar a súa clasificación e os últimos, en defecto desta, a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De non requirirse clasificación, os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego.

As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

**4.5.3.-** Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP. Así mesmo, presentará a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

**4.5.4.-** Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

**4.5.5.-** A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 4.5.1.1 e 4.5.1.2 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Certificado de clasificación (de ser exigible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 4.5.3.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia

## **5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES**

**5.1.-** A clasificación esixida para esta contratación, será a seguinte: **NON SE ESIXE**

**5.2.-** Para os empresarios non españois da Unión Europea que non estean clasificados, será suficiente acreditar ante o órgano de contratación a capacidade financeira, económica e técnica, conforme ao estipulado na cláusula 4.2 do presente prego, así como que se atopan habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato con arranxo á lexislación do Estado de procedencia, nos termos establecidos no artigo 58 da TRLCSP.

## **6. ORZAMENTO DE LICITACIÓN**

O orzamento de licitación é de **264.462,81 euros/ano** (21% de IVE: 55.537,19 euros): Este importe é estimativo e está calculado sobre a base da porcentaxe máxima de licitación indicada no sistema de determinación quedando fixada definitivamente na adxudicación.

**- Sistema de determinación do prezo:** Consonte coa modalidade deste contrato o orzamento máximo do gasto será a suma do 30 por cento das cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal, e nos procedementos sancionadores derivados do contrato, IVE e demais exaccións ou tributos incluídos, debendo as empresas licitadoras realizar as ofertas á baixa sobre esta porcentaxe.

Aos efectos de determinar a cantidade neta recadada que determina a base sobre a que se aplica a porcentaxe aplicaranse as seguintes regras:

1.- Non se considerará cantidade neta recadada:

- .- Os ingresos que correspondan ao recargo provincial do imposto sobre actividades económicas.
- .- Os ingresos derivados do período executivo, isto é, recarga do período executivo, recarga de prema, xuros e costas.

2.- Tampouco se considerará cantidade neta recadada, aínda que se teña abonado ao contratista con anterioridade, as cantidades que deban ser obxecto de devolución ao interesado como

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Abierto</b>		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data creación</i>
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



consecuencia da estimación de recursos, sempre que a resolución se produza dentro do período de vixencia do contrato. Neste caso procederá a compensación na facturación do mes no que se produce a resolución ou, no seu caso, o reintegro.

## **7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO**

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **030 93200 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2014: 66.650 euros  
Anualidade 2015: 320.000 euros  
Anualidade 2016: 320.000 euros  
Anualidade 2017: 253.350 euros

No caso de traballos de carácter plurianual, de conformidade co establecido no artigo 174 do Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e o artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ó crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

## **8. REVISIÓN DE PREZOS**

Na presente contratación non haberá revisión de prezos.

## **9. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN**

O contrato terá un prazo máximo de execución de **39 meses**, a contar desde o día que se estipule no contrato.

Nos primeiros 36 meses de vixencia do contrato executaranse a totalidade das actividades de Asesoramento e Colaboración. No punto 3.1 do Prego de prescricións técnicas especificase cándoo se entende que a actividade de Asesoramento e Colaboración se realiza dentro do período parcial de Asesoramento e Colaboración.

Os últimos tres meses o contratista limitarase a presentar factura en función das cantidades efectivamente recadadas.


Este contrato poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da finalización do período de asesoramento e colaboración (36 meses), sen que a súa duración total, incluídas as prórrogas, poida exceder de 72 meses, nin estas poidan ser concertadas, illada ou conxuntamente, por un prazo superior ao fixado orixinariamente.

## **II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO**

### **10.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

10.1.- A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 TRLCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, ascende a 1.586.776'86 euros.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<b>Servizo - Aberto</b>		
Documento	Expediente	Data creación
CONY10T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



10.2.- O contrato adxudicarase, mediante procedemento aberto, tomando como base os criterios de adxudicación que se detallan a continuación:

10.3.- Criterios de adxudicación:

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES**

**a) Plan de traballo: 35 puntos.**

Atenderase aos seguintes factores:

1.- Medios personais con titulación específica para a dirección e execución dos traballos. Ponderase ata un máximo de 30 puntos.

<b>Xefe do proxecto</b> que se adscribe directamente ao proxecto ata un máximo de 12 puntos distribuídos como sigue:	
	Formación : ata un máximo de 4 puntos, atribuíndose 4 puntos para o caso de que se trate de Licenciado ou equivalente, e 1 punto para diplomado ou equivalente
	Experiencia que acredite en materia de inspección tributaria local ata un máximo de 8 puntos: 1 punto por ano. De acreditar un período inferior puntuaranse de xeito proporcional os períodos mensuais.
<b>Equipo técnico</b> que se adscribe directamente ao proxecto ata un máximo de 18 puntos distribuído como sigue:	
	Formación : ata un máximo de 6 puntos, atribuíndose 2 puntos por cada licenciado ou equivalente, e 0,5 puntos por cada Diplomado ou equivalente.
	Experiencia : ata un máximo de 12 puntos en función da experiencia que acrediten en materia de inspección tributaria local os membros do equipo técnico: 1 punto por ano, ata un máximo de 4 puntos por persoa adscrita. Non se puntuarán os períodos inferiores ao ano.

2.- Procedementos e métodos de execución dos traballos con referencia aos sistemas de avaliación da calidade. Ponderase ata un máximo de 5 puntos.

**CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES EN FORMA DE CIFRAS OU PORCENTAXES**

**b) Oferta económica: 50 puntos.**

Asígnase 50 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores.

$$\text{Puntuación} = 50 \times (\text{baixa oferta} / \text{baixa máxima})$$

Donde:

**Baixa oferta:** baixa da oferta que se puntúa respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais.

**Baixa máxima:** baixa da oferta que propón o importe menor de todas as ofertas respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais.

A efectos do establecido no artigo 152 do TRLCSP, identificarase como oferta desproporcionada ou anormal toda proposta económica inferior ao 80% da media aritmética das ofertas económicas



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<b>Servizo - Aberto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



aceptadas na licitación, ou ao 50% do presuposto base de licitación, excluído o IVA, para o caso de existir unha soa oferta admitida na licitación.

**c) Melloras: 15 puntos.**

Considéranse melloras as seguintes :

- 1.- call center con horario ininterrompido de 8 a 20 horas de luns a venres: 10 puntos
- 2.- sistema automatizado de obtención de indicadores vinculado á aplicación informática municipal: 4 puntos
- 3.- liquidación de 100 expedientes anuais en fase previa á comprobación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: 1 punto

**11.- GARANTÍA PROVISIONAL**

De acordo co establecido no artigo 103.1 da TRLCSP, os licitadores non deberán constituir garantía provisional.

**12.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN**

**12.1.-** As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende nº 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo de **40 días naturais** a contar desde o mesmo día de envío do anuncio ó Diario Oficial da Unión Europea (DOUE)

A licitación anunciarase igualmente no Boletín Oficial do Estado (BOE), no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no perfil de contratante do Concello de Santiago de Compostela ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)).

**12.2.-** A presentación poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado dentro do prazo sinalado. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo, nese caso o interesado deberá acreditar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (981-54.23.04), telex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fose do prazo fixado no anuncio de licitación.

Non obstante, transcorridos dez días naturais desde o remate do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo.

**12.3.-** Os interesados poderán examinar o prego e documentación complementaria no perfil de contratante do órgano de contratación e nas oficinas da Sección municipal de Contratación.

**12.4.-** A presentación das proposicións presume a aceptación incondicional polo empresario da totalidade do contido do presente prego, sen excepción algunha.

**12.5.-** A presentación da proposición deberase realizar nunha soa das dependencias administrativas de entre as varias que existan para poder levala a cabo, rexeitándose en caso contrario todas as presentadas polo licitador.

**13.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓN**

**13.1.-** As proposicións constarán de sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago CON/46/2014** e co nome e apelidos ou razón social da

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
Documento	Expediente	Data creación
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53

empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

### 13.2.- **SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación Xeral **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago CON/46/2014**

Neste sobre, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización, substituirase a presentación da documentación que se relaciona no apartado 4.5 deste prego, por unha **declaración responsable** indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración (ANEXO II). Esta declaración, polo tanto, será a **única documentación** a incluír neste sobre no momento da presentación das ofertas.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato a posesión e validez dos documentos esixidos; sendo o momento decisivo para apreciar a concurrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

En todo caso, o órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

### 13.3.- **SOBRE Nº 2** Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago CON/46/2014**

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel con páxinas numeradas correlativamente e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2, ), quedando **excluídas** da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes **invalidará** automaticamente a oferta.

A documentación en formato papel estará numerada correlativamente e non excederá estrictamente de 30 folios DIN A4, redactados en fonte de letra ARIAL e tamaño 10 (ou similar perfectamente lexible) a unha soa cara ou ben a dobre cara pero sempre sen superar o citado límite de 30 folios.

Non obstante o anterior, admitirase a presentación de diagramas, planos ou cadros explicativos en formato DIN A3 no caso de que resulten ilexibles ou incompletos no formato DIN A4, se ben sempre sen exceder do límite máximo de 30 folios.

Exclúense do cómputo os separadores ou portadas dos diferentes apartados que conforman os criterios non avaliábeis mediante cifras.

As proposicións que excedan o volume máximo de folios sinalado nos apartados anteriores serán automaticamente **excluídas** da licitación.

13.3.1. Os licitadores incluírán neste sobre a documentación relacionada cos criterios de adxudicación non avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, contendo todos os elementos que a integran, e especificamente:

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Abierto</b>		
Documento	Expediente	Data creación
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



**Memoria detallada do plan de traballo** que os licitadores propoñan para realizar as prestacións de asesoramento e colaboración que comprende o contrato, tendo en conta as especificacións técnicas do punto 2 do prego de prescripcións técnicas.

A memoria terá en conta o Plan de control tributario do Concello de Santiago con arreglo aos criterios establecidos no Prego de prescripcións técnicas.

A memoria describirá pormenorizadamente os medios persoais e materiais que integre no contrato, con especial referencia ás características do persoal a adscribir ao contrato segundo o punto 2.3 do prego de prescripcións técnicas, así como os procedementos que propón para a realización das actuacións de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadoras, así como para realizar un seguimento e avaliación das actuacións realizadas.

13.3.2. Neste sobre non se incluíra documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras propostas, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requirimento será motivo de **exclusión** da licitación.

13.3.3. Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscria na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsana coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.


**13.3.- SOBRE Nº 3:** Proposición económica e oferta relativa aos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago CON/46/2014**

O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación establecido na cláusula 6 do presente prego, deberá indicarse, como partida independente, o IVE.

**Así mesmo, incluíra a relación detallada de melloras** que ofertan os licitadores para aumentar a calidade das prestacións previstas neste prego, entendendo que non van supoñer ningún custo adicional para o Concello de Santiago. A acreditación das melloras realizarase mediante a achega dos seguintes documentos:

- call center: certificado de alomenos unha entidade local de máis de 50.000 habitantes que acredite que en 2014 a empresa ten en funcionamento un call center
- sistema automatizado de obtención de indicadores vinculado á aplicación informática municipal: certificado de alomenos unha entidade local de máis de 50.000 habitantes que empregue a mesma aplicación informática do Concello que acredite que a empresa en 2014 ten implantado o sistema de obtención de indicadores.
- liquidación de 100 expedientes anuais en fase previa á comprobación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana: compromiso de realización das liquidacións.

Será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté subscria na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade,



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Dependencia

CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos  
64.- SPELO

**Servizo - Aberto**

Documento

CONY10T6

Expediente

CON/46/2014

Data creación

16-07-14 12:53



ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

**13.5.** Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refiren os dous últimos apartados, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 145.3 TRLCSP)

#### **14.- MESA DE CONTRATACIÓN**

A Mesa de contratación estará integrada por:

**Presidente:** O concelleiro delegado de facenda ou, no seu defecto, calquera outro no que expresamente delegue o Sr. Alcalde.

#### **Vocais:**

Un representante de cada grupo político municipal.

O Tesoureiro Municipal.

A Vicetesoureira Municipal.

O Director da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.


O Interventor xeral municipal, ou persoa que o substitúa

Actuará como Secretario o Xefe de Sección de Contratación.

Ós efectos de axilidade no procedemento, as reunións da mesa de contratación serán convocadas ós seus membros vía fax ou correo electrónico.

#### **15.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL**

Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á comprobación da presentación da declaración responsable presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende.

 <b>CONCELLO DE SANTIAGO</b>	Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO	
	<b>Servizo - Aberto</b>	
Documento	Expediente	Data creación
CONY10T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



## **16.- APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

16.1.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do SOBRE Nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do SOBRE Nº 2 dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

A apertura deste SOBRE Nº 2 terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do SOBRE Nº 1 e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de *3 días hábiles* a súa celebración.

16.2.- No prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a apertura do SOBRE Nº 2 realizarase a avaliación dos criterios ós que se refire o apartado anterior, e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estime oportuno, fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do SOBRE Nº 3, que contén os criterios de adxudicación avaliábles mediante cifras ou porcentaxes, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de *3 días hábiles* a través do perfil de contratante do órgano de contratación.

16.2.1.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta da ponderación acadada por cada licitador admitido nos criterios de adxudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

16.2.2.- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do SOBRE Nº 3 dos licitadores admitidos, dando lectura ós criterios.

Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

16.3.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello. (art. 160.2 TRLCSP).

## **17.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53

17.1. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE, así como da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar tal e como ven recollido no apartado 4.5 deste prego, se esta non fora solicitada anteriormente.

Reunida a mesa de contratación de novo ós efectos de cualificar esta documentación xeral presentada polo licitador proposto para adxudicación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a súa oferta.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais.

De non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

17.2. A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

17.3. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autónoma Galega.

**Servizo - Abierto**

Documento	Expediente	Data creación
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditarlo mediante declaración responsable.

- O Concello comprobará, de oficio, que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela. De telas, requiriráselle para que, no mesmo prazo de 10 días hábiles que se lle conceden para o depósito da fianza definitiva e demais taxas, aboe os importes pendentes.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

### **18.- ADXUDICACIÓN**

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adxudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultáneamente, publicarase no perfil do contratante.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 161.2 TRLCSP)

## **III FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

### **19.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adxudicación na forma prevista no artigo 151.4 da TRLCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 59 TRLCSP)

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

#### IV EXECUCIÓN DO CONTRATO

##### **20.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO CONTRATO**

O Xefe de Sección de Inspección Tributaria será o responsable do traballo, supervisará a execución do mesmo, comprobando que a súa realización axústase ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación.

##### **21.- OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA**

21.1.- O contrato executarase con estrita sujeción ás estipulaciones contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, lle dé o responsable do contrato designado polo órgano de contratación.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. (art. 215 TRLCSP)

Será obrigación do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes do mesmo, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis. (art. 214 TRLCSP)


O contratista será responsable igualmente dos danos e prexuízos que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios nos que o traballo incorra, de acordo co establecido no artigo 305 da TRLCSP. Se o contrato se executase de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente das responsabilidades a que se refire esta cláusula.

21.2.- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, para todos os efectos, a condición de empresario.

O contratista deberá cumprir a normativa de prevención de riscos laborais, e para cumprir a obriga do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, deberá cooperar e coordinarse co Concello



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONY10T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



para a aplicación da mesma, respectar as instrucións e normas internas de seguridade e saúde laboral do Concello e cumprir co procedemento municipal de coordinación e control de actividades e contratacións.

21.3.- O contratista facilitará á Administración, sen ningún custe adicional, cantos servizos profesionais se estimen necesarios por está para o correcto desenvolvemento e cumprimento do obxecto do contrato, como asistencia a reunións explicativas, información ao público, etc.

21.4.- Será obriga do contratista asumir o custo do mantemento da aplicación informática municipal para a xestión dos procedementos de inspección tributaria, comprobación limitada, e sancionador, durante o período de vixencia do contrato, nos termos previstos no prego de prescricións técnicas.

21.5.- Todas as comunicacións que se deriven deste contrato ou do seu obxecto, xa sexan orais ou escritas, dirixidos a esta Administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, etc., e, obviamente, do mesmo xeito, o obxecto do contrato en sí, estarán redactados en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

21.6.- O contratista deberá dispor dunha póliza de seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para responder de eventuais riscos que se puidesen producir como consecuencia da execución deste contrato

## **22.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA**

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación que o órgano de contratación decida realizar en diarios e en Boletíns Oficiais, así como as taxas e outros tributos que procedan de acordo co disposto nas correspondentes ordenanzas fiscais.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todos os impostos, directos e indirectos, que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser soportado pola Administración, que se indicará como partida independente. (art. 161.5 TRLCSP)


Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

## **23.- ABONOS AO CONTRATISTA**

O pago do prezo do contrato aboarase bimensualmente contra a presentación da factura, expedida de acordo coa normativa vixente, e conformada pólo Xefe de Sección de Inspección Tributaria.

A factura incluirá como base o importe dos ingresos netos efectuados durante o bimestre e nos termos sinalados na cláusula 6 deste prego. Achegarase xunto coa factura a documentación que acredite ditos ingresos e aquela que, de estimarse precisa, xustifique a realización total ou parcial das prestacións executadas

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



Durante o período de permanencia seguiráse facturando en función dos ingresos efectivamente producidos.

Ao remate deste período liquidarase o contrato.

O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión forneza efectos, e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 218 TRLCSP)

#### **24.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS**

O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 do presente prego.

Se chegado o final do traballo, o contratista incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mouro do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.


Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 213.2 da TRLCSP.

#### **25.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO O INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO**

No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato. (art. 212.1 TRLCSP)

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor penalidades, segundo a tipificación das infraccións, do seguinte xeito:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data creación</i>
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



### **Infraccións:**

As infraccións cualificaranse en leves, graves e moi graves, segundo as circunstancias concorrentes, e especificamente, atendendo ó menor ou maior prexuízo que con elas se cause ó funcionamento do servizo ou ó público en xeral.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. O incumprimento reiterado das condicións de execución do obxecto do contrato establecidas no presente prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable, que produza consecuencias prexudiciais na prestación do servizo.
- b. O incumprimento polo adxudicatario da normativa en materia laboral, de seguridade Social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento, así como as obrigas económicas derivadas do imposto sobre a renda das persoas físicas ( IRPF) e Seguridade Social dos empregados.
- c. Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte do obxecto do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello.
- d. As interrupcións ou suspensións na execución do contrato, agás cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou previstas neste prego, ou aínda concorrendo se non se cumpre o previsto neste prego e no de condicións técnicas e económicas.
- e. O incumprimento da obriga do contratista de manter en bo estado de uso e conservación os bens e instalacións adscritos ó contrato, sempre que mediara requirimento municipal para a corrección destas circunstancias, non atendido no prazo dun mes.
- f. O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a execución do contrato que sexan procedentes de acordo co contido deste prego, ao prego de condicións técnicas e económicas e da normativa vixente.
- g. Falsear información a subministrar ó órgano de control do Concello, de conformidade co disposto neste prego de condicións e no de condicións técnicas e económicas.
- h. A reiteración de dúas ou máis infraccións graves no período de seis meses.
- i. O incumprimento da lexislación vixente en materia de confidencialidade de datos persoais e sen prexuízo das responsabilidades civís e penais que puidesen derivarse para o contratista.

Consideraranse infraccións graves :

- a. O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ó contrato, agás que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- b. O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicábeis e demais normativa aplicable, salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.

Documento	Expediente	Data creación
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53

- c. A obstrución polo adxudicatario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- d. A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refiren este prego e o de condicións técnicas e económicas.
- e. A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

**Considéranse infraccións leves:**

- a. Todas as demais faltas non cualificadas como graves e moi graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas neste prego e no de condicións técnicas e económicas, nas ordenanzas municipais e demais normativa aplicable.
- b. Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e revista os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xurídicas competentes.

**Sancións:**

As infraccións cometidas polo xestor sancionaranse da seguinte forma:

- a. As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 3.005,06 euros.
- b. As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de contía entre os 3.005,06 euros e os 9.015,18 euros.
- c. As faltas moi graves poderán ser sancionadas con multas de contía non superior ós 30.050,60 euros ou declarar a resolución do contrato.

Todas as sancións impóranse logo da audiencia e tramitación de expediente sancionador, de acordo coas normas reguladoras do procedemento administrativo sancionador.

**V  
SUBCONTRATACIÓN**

**26.- SUBCONTRATACIÓN**


En aplicación do disposto no artigo 227 da TRLCSP, este contrato non é susceptible de subcontratación.

**VI  
MODIFICACIÓN DE CONTRATO**

**27.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO**

O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 210, 219 e 306 da TRLCSP. En tales casos estarase ao disposto nos artigos 156 e 219 da TRLCSP.

**28.- SUSPENSIÓN DO TRABALLO OBXECTO DO CONTRATO**



Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 da TRLCSP e a cláusula 25.2 do presente prego, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 309 da TRLCSP.

## VII

### FINALIZACIÓN DO CONTRATO

#### **29.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas a satisfacción da Administración.

A empresa realizará a entrega dos traballos no prazo de quince (15) días desde o remate do período de asesoramento e colaboración

O Xefe de Sección de Inspección Tributaria procederá ao exame e comprobación detallados das actuacións realizadas polo contratista para determinar se foron executadas de acordo co contrato.

Se, como consecuencia do exame e comprobación detallada, o Técnico atopa conformes as actuacións propostas, emitirá o seu informe favorable e continuará a tramitación.

Cando as actuacións realizadas non estean conformes, o Técnico dará, por escrito, ao contratista, as instrucións que considere necesarias co obxecto de remediar á súa costa as faltas ou defectos observados, fixándolle o prazo para facelo, compatible co prazo total do contrato, expirado o cal e realizada nova entrega, procederá, en igual forma, a un novo exame e comprobación detallados.

Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non cumprise, e sempre que non lle quede tempo disponible do prazo do contrato, resolverase coas penalizacións que a tal efecto se reflicten no prego administrativo, a non ser que a Administración crea oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaçión de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Se existe reclamación por parte do contratista a respecto das observacións e instrucción formuladas polo Xefe de Sección de Inspección Tributaria, este elevaraaas, co seu informe, ao órgano de contratación.

Se o contratista non reclamase, por escrito, dentro do prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito do Técnico, entenderase que está conforme.

Unha vez realizada a entrega de todos os traballos o Xefe de Sección de Inspección Tributaria, despois do seu exame e comprobación, formulará o seu informe.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONYI0T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



Se o dito informe é favorable, procederase á recepción dentro do mes seguinte de se ter producido a entrega dos traballos, á que concorrerán o Xefe de Sección de Inspección Tributaria , o funcionario que ostente a representación do órgano que celebrou o contrato, o contratista ou o seu representante autorizado e, se é o caso, o representante da Intervención.

De se considerar que o traballo reúne as condicións debidas darase por recibido, redactando para este efecto a acta correspondente.

Se os traballos non reunisen as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dictaranse, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, que será sen sanción, non procedendo a recepción dos traballos ata que as ditas instrucións sexan cumpridas, caso no que se redactará a acta correspondente. O seu incumprimento sen motivo xustificado será causa de resolución contractual

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente

### **30.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Ademais de en os supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 da TRLCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 224 e 309 da TRLCSP.

Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto do contrato como persoal da Administración contratante. (art. 326.4 TRLCSP)

### **31.- PRAZO DE GARANTÍA**


O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado axústase ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 305 da TRLCSP.

### **32. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA**

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

Transcorrido un ano desde a data de finalización do contrato (ou 6 meses no caso de contratos de importe inferior a 100.000 euros) sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Dependencia  
CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos  
64.- SPELO

**Servizo - Aberto**

Documento	Expediente	Data creación
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 100 da TRLCSP.

### **33.- CONFIDENCIALIDADE**

A empresa adxudicataria comprométese a tratar de xeito confidencial calquera información á que tivera acceso durante a prestación dos servizos obxecto de contrato, e que teña a consideración de confidencial.

En calquera caso, estará suxeito ó cumprimento do Protocolo Municipal de Seguridade para a Protección de Datos de Carácter Persoal, así como a toda a lexislación vixente nesta materia.

A tales efectos, non terían a consideración de confidenciais os datos que:

- Sexan de dominio público ou que pasen a ser de dominio público durante o desenvolvemento do proxecto.
- Sexan lexitimamente recibidos pola empresa adxudicataria dun terceiro.

De igual xeito, a empresa adxudicataria responsabilizarase do cumprimento das obrigas de confidencialidade por parte do persoal ó seu servizo que participe no proxecto.

De conformidade co previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, no que se refire ó acceso de datos de carácter persoal vinculado á prestación de servizos por conta de terceiros, o persoal da empresa manterá a máis estricta confidencialidade sobre a información subministrada polo Concello de Santiago de Compostela con motivo da execución do presente traballo, comprometéndose a protexer axeitadamente e facer que se utilice a devandita información unicamente para o cumprimento dos obxectivos do proxecto.

Unha vez cumpridos ós servizos ós que se refire o presente Prego, calquera documento que conteña datos confidenciais, sexa cal sexa o soporte, deberá ser destruído ou devolto ó Concello.


### **34.- DESTINO E PROPIEDAD INTELECTUAL**

Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable respecto á propiedade intelectual, o adxudicatario e todo o persoal externo que participe neste proxecto, aceptan expresamente que a propiedade intelectual dos produtos obtidos no desenvolvemento do mesmo corresponden ó Concello de Santiago de Compostela con exclusividade e a todos os efectos e, en consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente sen a previa e expresa autorización escrita do Concello.

En consecuencia, todos os traballos realizados polo adxudicatario e por calquera dos seus empregados para a execución deste proxecto, serán propiedade exclusiva do Concello. Nin a empresa adxudicataria nin os seus empregados poderán utilizar os devanditos traballos ou facilitar o acceso ós mesmos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen a correspondente autorización e consentimento expreso e por escrito do órgano competente do Concello.

A empresa adxudicataria e os empregados da mesma que participen nos traballos, ou que teñan coñecemento dos mesmos, deberán manter absoluta confidencialidade.

### **35.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLOS LICITADORES**




**CONCELLO DE SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i> CONY10T6	<i>Expediente</i> CON/46/2014	<i>Data creación</i> 16-07-14 12:53



A documentación presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios do contrato soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa. Transcorridos 4 meses desde a adxudicación definitiva do contrato sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.





CONCELLO DE SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Aberto</b>		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data creación</i>
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



### ANEXO I

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. ...., con D.N.I. nº ....., maior de idade, con domicilio en ....., vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas aprobados polo Concello de Santiago de Compostela para a contratación de **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago**, e aceptando integramente o contido dos mesmos, en nome ..... (propio ou das persoa/s ou entidade/é que representa especificando neste último caso as súas circunstancias), comprométese a executar o contrato de referencia polo seguinte importe:

\_\_\_\_\_ % sobre as cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionador.

Lugar, data e firma do licitador



CONCELLO DE SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo - Abierto</b>		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data creación</i>
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



## ANEXO II

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ en nome propio ou en representación da empresa \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago declara** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP e que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (art. 146.4 TRLCSP engadido pola Lei 14/2013 de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización).

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.  
 (Lugar, data e sinatura do proponente)



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<b>Servizo – Abierto</b>		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Data creación</i>
CONYI0T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



**ANEXO III**  
**(Modelo de Aval)**

La Entidad \_\_\_\_\_ (1), con CIF nº \_\_\_\_\_, domicilio en (2) \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, y en su nombre \_\_\_\_\_ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

**AVALA**

A \_\_\_\_\_ (4), con NIF/CIF nº \_\_\_\_\_ en virtud de los dispuesto en los artículos 95 y siguientes del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (TRLCSP), para responder de las obligaciones derivadas del expediente \_\_\_\_/\_\_\_\_ (5) relativo a la contratación de \_\_\_\_\_ (6) tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía \_\_\_\_\_ (7) por importe de \_\_\_\_\_ Euros (\_\_\_\_\_).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en el TRLCSP y legislación complementaria.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
Fdo. \_\_\_\_\_

**BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE \_\_\_\_\_ (8)**  
Provincia Fecha Número o código

(1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.  
(4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastatea el poder.

Documento	Expediente	Data creación
CONY10T6	CON/46/2014	16-07-14 12:53



**INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN**

Visto o expediente denominado **“Servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos do Concello de Santiago”**, quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), nos atopamos ante un suposto de contrato de servizos, de carácter administrativo segundo o disposto no artigo 19.1.a) da TRLCSP, e en consideración á súa contía tratase dun contrato suxeito a regulación armonizada (art. 16.1.b) TRLCSP) e tramitárase por procedemento aberto, regulado nos artigos 157 a 161, seguindo os requisitos relativos á publicidade da licitación que establece o artigo 142 da TRLCSP.

En canto ás normas específicas que regulan o contrato de servizos, estarase ó disposto nos artigos 301 a 312 da TRLCSP.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido na TRLCSP na medida na que se define o obxecto do contrato e a súa codificación na nomenclatura CPV, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e réxime xurídico deste, os criterios de adjudicación coa súa correspondente ponderación, a duración concreta do mesmo e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Analizado, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, infórmase que cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos pola TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adjudicación do contrato.

O expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 109 da TRLCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictárase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014.

**O XEFE DE SECCIÓN,**

Asdo.: Román Otero Ferreiro



Conforme o Director da Asesoría Xurídica,

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle

